

VARIEDADE DAS LINGUAS

As variedades dentro dunha lingua poden deberse aos seguintes factores:

- **TEMPO:** as chamadas variedades **DIACRÓNICAS**. As linguas van variando ao longo do tempo e, na súa evolución, ofrecen diferentes sistemas. Así, no caso do galego distinguimos, dende o punto de vista diacrónico, o “galego-portugués” (ou galego medieval), o “galego medio” e o “galego actual”.
- **ESPAGO XEOGRÁFICO:** as chamadas variantes **DIATÓPICAS**. Segundo o lugar do falante (o espazo xeográfico no que viva), así usará diferentes variedades. Cada unha desas variedades é o que se soe chamar “dialecto”. As variantes diatópicas do galego son as que permiten falar da existencia de Bloques e áreas lingüísticas no seu idioma.
- **NIVEL SOCIOCULTURAL DO FALANTE:** son as coñecidas como variedades **DIATRÁTICAS** ou **SOCIAIS**. Están constituídas polos niveis de lingua e correspóndense coa situación cultural, económica e social do falante. Existen tres niveis de lingua: culto, popular e medio. Cada falante usa ou ten como propio un deles dependendo da súa situación social.
- **CIRCUNSTANCIAS RELACIONADAS CO CONTEXTO:** as chamadas variedades **DIAFÁSICAS**. Son os REXISTROS: formal, coloquial, técnico, xurídico, etc. O falante fará uso deles segundo a situación, o tema, o interlocutor... independentemente da variedade diastrática que teña como propia.

REXISTROS LINGÜÍSTICOS

O galego culto responde á norma estándar, é un galego esmerado, depurado, propio da lingua escrita e dos medios de comunicación. As características propias deste rexistro formal son, entre outras: unha pronuncia coidada, unha sintaxe complexa, con abundancia de subordinación e moitos conectores textuais; ten un léxico rico e preciso, con abundantes cultismos e ausencia de castelanismos e vulgarismos ...

O galego popular empregado pola maioría dos falantes, é maioritariamente oral, propio da comunicación familiar e coloquial, e contén numerosos desvíos da norma (dialectalismos, castelanismos, vulgarismos...); adoita presentar referencias aos interlocutores; usa pronomes de solidariedade; emprega unha sintaxe pouco complexa, con poucos conectores, con anacolutos, vacilacións, ausencia de planificación discursiva, repetición de palabras, palabras “comodín”...

VARIEDADES DIATÓPICAS OU XEOGRÁFICAS

Dentro do galego hai unha serie de falas caracterizadas por determinados trazos idiomáticos que conforman **tres grandes bloques lingüísticos: occidental, central e oriental**. Dentro destes bloques, pódense distinguir certas áreas ou zonas lingüísticas de menor extensión.

Chámase **isoglosa** á liña ideal que sinala nun territorio o límite dun trazo lingüístico peculiar.

TRAZOS		
Fonéticos	- Gheada - Seseo	
Morfo-sintácticos	- Terminación en –án / -ao - Formación do plural - Sufixo –iño /-in	
BLOQUES		
Occidental	Metade occidental das provincias de Pontevedra e da Coruña e unha zona do suroeste da provincia de Ourense	
	Trazos	- Seseo implosivo - Gheada - Plural en –ns - Terminación –an para masculino e feminino - Forma ti para o pronome de 2ª persoa
	Áreas	Fisterrá, bergantiñá, pontevedresa
Central	Galicia central, nordeste e interior da provincia da Coruña, interior de Pontevedra e Lugo e Ourense, agás a súa parte oriental	
	Trazos	- Ausencia de seseo - Gheada na zona occidental e ausencia de gheada na oriental - Plural en –s - Terminación –ao para o masculino e –á para o feminino - Forma ti no occidente e tu no oriente
	Áreas	Mindoniense, lucus auriense
Oriental	Leste de Lugo e Ourense e o galego exterior, falado nas zonas estremeiras de Asturias, León e Zamora	
	Trazos	- Mantemento do ditondo –ua- en formas como cuatro - Plural en –is para as palabras rematadas en –l na área asturiana - Terminación en –in no canto de –iño - Forma –is para a 2ª persoa do plural (cantáis, cantabais)
	Áreas	Asturiana, ancaresa e zamorana

Área fisterrá: Seseo explosivo e cheísmo. // **Área bergantiñá:** Ausencia de seseo e de cheísmo. // **Área pontevedresa:** Demostrativo esto e ditongo –oi- (ao norte) / isto –ui- (ao sur).

Área mindoniense: formas verbais propias: seña, esteña. // **Área lucus-auriense:** iste, ise, aquí, il.

Área asturiana: conservación do –l– (molín) e terminación en –ius (moli^us).//**Área ancaresa:** vogais nasais, gheada.//**Área zamorana:** uso do pronome **o** (CD) despois de forma verbal rematada en ditongo decrecente (haio, deixou).

<http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>.

https://www.youtube.com/watch?v=BEAz3_YJ8fg

